



RESOLUCIÓN da Secretaría Xeral de Universidades pola que se informa favorablemente a fase de estadía, segundo o disposto na Orde do 30 de abril de 2018, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

A Orde do 30 de abril de 2018 (DOG núm. 98, do 24 de maio), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, establece as bases polas que se rexe a concesión das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, en réxime de concorrência competitiva. O anexo I desta orde regula a modalidade A destas axudas e establece no artigo 6 o procedemento de avaliación do rendemento para a fase de estadía das persoas contratadas con cargo á modalidade A deste programa.

Os contratos en vigor correspondentes a estas axudas están no ámbito de aplicación da Orde do 19 de xuño de 2020 (DOG número 128, do 30 de xuño), polo que a súa duración foi ampliada 6 meses no centro de destino do seu segundo ano de estadía como consecuencia da situación creada pola Covid-19.

De acordo coas directrices emanadas da Instrución 2/2021, da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento da fase de estadía do persoal investigador contratado ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, do ano 2018, os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Universidades avaliaron a documentación remitida polas universidades.

De acordo co Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuír á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

As Resolucións do 8 de outubro de 2020, do 5 de abril de 2021, do 4 e do 20 de maio de 2021 recolleron o resultado da avaliación da fase de estadía das persoas investigadoras que finalizaban os seus contratos.

Unha vez revisada a documentación achegada, correspondente ás persoas investigadoras que finalizan o seu contrato de estadía no mes de xullo de 2021, e de acordo co informe dos servizos técnicos, a Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVE:

1. Declarar que as persoas indicadas a continuación acadaron unha avaliación positiva da fase de estadía, conforme ao establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 30 de abril de 2018 e coa Instrución 2/2021, o que lles posibilitaría acceder ao contrato da fase de retorno.

Nº expediente	UNIV.	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
ED481B 2018/025	USC	Benítez	Trinidad	Carlos	*****69G
ED481B 2018/063	UVigo	Méndez	Quintás	Eduardo	*****87Z

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que consideren procedente.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral de Universidades
José Alberto Díez de Castro

